


SAN PEDRO DE VILANOVA DE DOZÓN

Caderno nº1 (FVAr, 259-10)

En Castro Dozón. Casa de Domingo Pérez. Cristo.


(Boceto do Cristo).




Topada en Castro Dozón.

Prop. de Don José M. López Castro. Párroco de
Don Ramiro.


Na banda do evanxeo da ousia, por fora (*inscripción*).




Ousia circular de 5 panos. Canicelos planos de decoración de palmas e xeometría baixo arquiños. Arquivolta de billetes e outros motivos e debaixo perliñas. Imposta con (en branco) (*decoración da imposta*).




Unha col[umna] acodillada con cap[itel] de fitaria. Arco-cego; os dos lados con 1º do evanxeo con ventá aberta ; 2º cegado, con cruz no tímpano e follas ós lados (2ª); 3ª, central, con dúas rosetas superpostas, a de enriba con (*boceto de bolas*) e a de abaixo con (*boceto de van tetralobulado*); 4ª cegada, tímpano con motivos (*doble flor de lis*); 5ª aberta.



Tripre banco sustentador das columnas (boceto de perfís).




Columnas semicirculares. Cap[itel] de bolas o (boceto de cintas).




Basas (boceto das basas).

5 arcos. Bolas no plinto.

Nas basas das columnas pequenas (boceto de arquiños na basa).





Canicelo do ouso (*boceto*).

O arco superior máis mitigado que o de Ourense, sin peralte.

Cap[ela] mayor: rayas de puntos, soportes pra completar a medida.


(*Bocetos de plantas da ábside e xeral*).


Na ousia bóveda apuntada sin nervios.

No corpo da eirexa columnas sin capitel.

Teitume de madeira.

Na ousia as cinco ventas.







Transparentando sin col. Intermedias. Imposta lisa (*Boceto*).

Columniñas de basas decoradas ca svástica xiratoria (*boceto de esvástica*), rosetas, etc.

Dúas grandes columnas pra soste a bóveda de $\frac{1}{2}$ cañón do tramo recto da ousia.

Capiteis de fitaria (*boceto de capitel vexetal*) e un sin decorar (*boceto de capitel liso*).




No corpo non hay banco.

Pequena imaxe de San Pedro¹.

As basas do presbiterio con bolas, unha cara picuda de animal, follas, etc.
no plinto.

Sobre unha alacena na ousía (*boceto de decoración de archiño*).




Moldura do banco interior (*boceto do perfil da moldura*).

Puerta lateral (*boceto dunha cruz*) una [arq.] ajedrezado.

¹ Véxase apartado de Imaxes

Siños lapidarios (*boceto dos siños*).

Hay en el ábside un canecillo que representa un hombre sentado.




Cordobán. Altar barroco.

Cap. aprovechado.

Capitel aprovechado.

Puerta lat. Epístola (*boceto con medidas*).




Puerta lat. evang. dos arquivoltas. Dos filas canecillos sobre arcos.

Espadana de dous arcos con billetaxe. Porta de duas arquivoltas de (*boceto de decoración*).



No dintel (*dintel con cruz*).




No corpo da eirexa dúas portas, unha [entre] cada contraforte, a cada lado.

Fachada principal, dos arquivoltas.

Fora hay perto da ousia empotrado un arco románico.

Ext[erior] (*boceto con medidas*).



Ext. ábside (*boceto da planta da ábside coas medidas*).



(*Ao revés*): Unha pedra do altar lateral na paré d'unha casa, co Pai Eterno e dous anxos adorantes e dous músicos. Na eirexa de Dozón hay outro.

Porta lateral. (*Boceto de arquiño apuntado*).

Na banda do evanxeo non hai ventás.

[Ditos e adiviñanzas]

Marquina, M.

hoxe dasme calenturas

porque che recende o corpo

como unha mazá madura.

Bretemiña, bretemiña

foi ós campos de ribeira

a decirlle a aquel señor

que che dea o boi mellor

e mai-la vaca marela

i-o becerriño con ela

e o becerriño fai (non me acordo).

Houbo unha punta de lobos. Aquí andaban polo carbey². Fixeron montería, puxéronlle fogo ó monte, puxeron cordas ó redor e os que non arderon, os que non se queimaron, os sacaron. [O meu abo], e loitaban uns cos outros.

Pastorcito de pau
que baixa la sierra
e sube el ganado.

O peine

Unha media $\frac{1}{2}$ feita
e outra $\frac{1}{2}$ por facer,
dime ti miña meniña
cantas medias ven a ser.

$\frac{1}{2}$ media

Son blanca como la leche
en el campo soy criada
de cristiana tengo algo
aunque non son bautizada.

² Especie vexetal, en español aceda

A Sal, porque sin ela non se pode cristianar

De Santo Domingo veño,
de visitar ó prior,
teño os hábitos blancos
y amarillo el corazón.

O ovo

Curcubico non ten pico,
nin rabo, nin cú, nin bico,
i-os fillos de Curcubico
teñen rabo, cú e pico.

O ovo

Sabeliña do Picouto
estaba pastando as vacas
na tapada da naveira.
S. de P.
a máis feiticeira nena
que ollos de persoa nacida

viron en terras de Cea.

Unha aldormenante pulga

-hai bichos de sorte meiga-

andaba bica que bica,

pois n'ei creer q'a morderá,

po-lo modo amorosiño

da mociña coxeguenta

que raña aquí, raña alí

estabaas pasando negras.

Cansada tras d'un valado

i-o abrigo d'unha silveira

puxose a moza en precura

da pulga que sendo mestra

sempre subía pr'enriba

porque xa por experiencia

sabía que na cintura

tiña boa escondedela.

Os traballiños que a moza pasou

ninguén os creará,

tan pronto a sintía diante

como xurdía na traseira
sin que a súa man consejira
pousarse denriba d'ela.
Xa se enrabechaba a pobre
i-o enrrobechase a prudencia
que no comenzo gardara
como se alguén alí houbera,
trocouse en erguer de faldas
i-en desatado de trenzas,
i-amostrou do que a coitada
xamáis amostar quixera,
e cando con máis coraxe
s'atopaba na faena,
Xaniño de Viduens
salido dentre unhas xestas
díxolle moi melosiño
"Eu axudoche Sabela".



NOTAS SOLTAS (FVAr, 261-5/4)

San Pedro Dozón.

Dúas columnas soltas no corpo da eirexa sin chegar á bouta. Teito de madeira.

Imposta no recto da ousia, baixo os cap[itais] en arista (*boceto*).

Banco.



A porta pr[incip]al non ten cruz nin decorac[ión] no tímpano. A lateral N. sí (*boceto de tímpano*) e dúas faixas de canicely baixo arcadas.

Na lateral S. pequena lúa pero sinxelisima e solta.

[Brazos] menos abertos.

Na porta N. dáse a mesma construción no dintel que en Alperiz (*boceto*), soio que con arco apuntado.



Tras do altar hai imaxes, cicais un fermoso S. Lourenzo.

Na ousiá hay un capitel.

Interior (*boceto de capitel con follas*).

Outro (*boceto de capitel con bolas*).

Outro de aves afrontadas.




Siños lapidarios. Interior (*bocetos*).

Exterior, os mesmos e (*bocetos de eses tumbadas*).


Moldura porta S.

No sale.

Xaquelado (*boceto*).



Portada lateral de dobre arquivolta, dobre tellarón de canicelos i espadana románica, de dobre arco con billetaxe (*boceto da portada*).




Hay un canicelo cunha figura sentada.

Nunha casa de Castro Dozón (*boceto de elemento arquitectónico*).



NOTAS SOLTAS (FVar., 261-7)



NOTAS SOLTAS (FVar., 261-12)

